— Nos seres humanos, Mg^{2+} / Fe^{3+} substitúense por Al^{3+} o que causa moitos trastornos asociados coa comunicación intercelular, o crecemento celular e as funcións secretoras.

— Os cambios que o aluminio provoca nas neuronas son similares ás lesións dexenerativas que se observan en doentes de Alzheimer.

— Observouse que a neurotoxicidade do aluminio pode culminar en atrofia neuronal no locus ceruleus, substancia negra e o estriado.

12d Guillard O, Fauconneau B, Pineau A, Marraud A, Bellocq JP, Che-nard MP. 2012. Aluminium overload af-ter 5 years in skin biopsy following post- vaccination with subcutaneous pseudo lymphoma. *Journal of Trace Elements in Medicine and Biology.* 26(4): 291–293.

— O hidróxido de aluminio utilízase nunha ampla gama de vacinas para mellorar as respostas inmune ao antíxeno. O papel patóxico do aluminio maniféstase na presenza de síndrome de fatiga crónica, miofascite macrofásica e pseudolinfoma subcutáneo, vencellados á inxección intramuscular de vacinas que conteñen este metal.

— O obxectivo deste estudo era verificar se o pseudolinfoma subcutáneo observado nos nosos pacientes no sitio da inxección da vacina está ligado a unha sobrecarga de aluminio. Moitos anos despois da vacinación, obsérvase un nódulo subcutáneo nunha muller de corenta e cinco anos. Na biopsia da pel no sitio da inxección da vacina, atopáronse depósitos de alta concentración de aluminio. Os autores do devandito estudo queren chamar a atención do perigo de empregar sales de aluminio nas vacinas.

13 Barlow WE et.al. 2001. The risk of seizures after receipt of whole-cell per-tussis or measles, mumps, and rubella vac-cine. *New England Journal of Medicine.* 345 (9): 656–661.

— A administración dos toxoides diftéricos, tetánicos e tose ferina (DTP) e sarampelo, papeiras e rubéola (MMR) asociouse con convulsións.

Páxina 19

— Estudouse a relación entre estas vacinas e o risco dunha primeira crise, convulsións posteriores e trastornos do desenvolvemento neural dos nenos.

— Existen riscos significativamente elevados de convulsións febrís despois da recepción da vacina DTP ou vacina triple vírica, pero estes riscos non parecen estar asociados con calquera consecuencia adversa a longo prazo.

14 Song JY, Cheong HJ, Hwang IS, Choi WS, Jo YM, Park DW, Cho GJ, Hwang TG, Kim WJ. 2010. Long-term immunogenicity of influenza vaccine among the elderly: Risk factors for poor immune response and persistence. *Vaccine*. 28: 3929–3935.

— Os anciáns foron considerados como o grupo prioritario para a vacinación contra a gripe, pero o seus anticorpos inducidos pola vacina diminúen rapidamente.

— Avaliouse a inmunoxenicidade a longo prazo da vacina antigripal nos anciáns, en comparanza cos adultos mozos.

— As taxas de seroprotección diminuíron significativamente nos adultos maiores de sesenta e cinco anos, e caeron por debaixo de niveis seroprotectores ao redor de seis meses despois da vacinación.

15 Geier DA, Geier MR. 2006. An assessment of downward trends in neurodevelopmental disorders in the United States following removal of thimerosal from childhood vaccines. *Med Sci Monit*. 12(6): 231–239.

— Os EEUU están no medio dunha epidemia de trastornos do neurodesenvolvemento. O timerosal é un composto que contén etilmercurio engadido nalgunhas vacinas infantís. Realizouse un estudo ecolóxico para avaliar a incidencia de enfermidades do neurodesenvolvemento coa eliminación de timerosal nas vacinas.

— Os resultados amosan unha redución significativa na proporción de enfermidades do neurodesenvolvemento ao retirarse o timerosal.

16 Molina V, Shoenfeld Y. 2005. Infection, vaccines and other environmental triggers of autoimmunity. *Autoimmunity*. 38(3): 235–245.

— Moitos factores ambientais afectan ao sistema inmunolóxico e poden xogar un papel como desencadeante. Infeccións bacterianas, virais e parasitarias poden inducir e exacerbar enfermidades autoinmunes polo mecanismo de mimetismos molecular. Tamén, en varios informes, se atoparon vacinas que foron seguidas de enfermidades autoinmunes.

Páxina 20

Os mesmos mecanismos que actúan na invasión infecciosa do hóspede aplícanse igualmente á resposta do hóspede á vacinación.

17 Tomljenovic L, Wilyman J, Va-namee E, Bark T, Shaw CA. 2013. HPV vaccines and cancer prevention, science versus activism. *Infectious Agents and Cancer*. 8:6.

— O fundamento dos programas de vacinación actuais contra o VPH iníciase a partir de dúas premisas, 1) que a vacina contra o VPH evitará cancro de cérvix e salvará vidas, 2) que non ten riscos graves ou efectos secundarios. Unha análise coidadosa amosa, con todo, que estas premisas están en desacordo con probas científicas e que derivan en gran parte da mala interpretación da información dispoñíbel.

O autor engade unha serie de preguntas que se deberían facer aqueles que desexen promover a vacina incluíndo:

— Non se demostrou que as vacinas contra o VPH axuden a previr o cancro de cérvix. Por tanto, por que se promove o seu uso?

— Se a maioría das infeccións por VPH e unha gran proporción de lesións pre-cancerosas aclaran espontaneamente sen tratamento médico e daquela non son unha indicación fiable de cancro, como se poden atribuír os indicadores de casos de cancro de cérvix á vacina?

— Por que non se informa as mulleres de que, nalgunhas circunstancias, a vacinación contra o VPH pode acelerar a progresión de anormalidades cervicais?

18 McKinlay JB, McKinlay SM. 1977. The questionable contribution of medical measures to the decline of mortality in the United States in the twentieth century. *Millbank Mem Fund Q Health Soc*. 55(3): 405–428.

Este artigo conclúe o seguinte:

— Por regra xeral, as intervencións médicas (quimioterapéuticas e profilácticas) non parecen contribuír á diminución da mortalidade infantil nos EEUU dende o 1900.

— En moitas ocasións, estas intervencións médicas inseríronse varias décadas despois de que a enfermidade comezara a remitir, tendo pouca influencia en moitas instancias.

— Nas condicións como a influenza, pneumonía, difteria, tose ferina e poliomielite, o declive na mortalidade maniféstase substancialmente despois dunha intervención, pero non se pode concluír que todo o declive se poida atribuír á dita intervención.

— Valórase que, como moito, un 3.5% do declive total na mortalidade desde 1900 se poida adscribir a intervencións médicas introducidas para as enfermidades amentadas anteriormente.

Páxina 21

Todo isto suxire que a mellora do saneamento e das condicións de vida xunto cun menor amoreamento da poboación contribuíron de forma maioritaria ao declive na mortalidade, non as intervencións médicas (vacinas).

19 <http://gesdoc.isciii.es/ges-doccontroller?action=download&i-d=19/10/2012-3c0cfd4ca3>

Nesta ligazón ao Xestor Documental do “Instituto de Salud Carlos III”, onde aparece o traballo de investigación “Análisis de la sanidad en España siglo XX”, na súa páxina 116, encontramos táboas da evolución do descenso dos casos de morte por difteria en España desde 1900.

20 Eloe–Fadrosh EA, McArthur MA, Seekatz AM, Drabek EF, Rasko DA, Sztein MB, Fraser CM. 2013. Im-pact of Oral Typhoid Vaccination on the Human Gut Microbiota and Corre-lations with S. Typhi–Specific Immunolo-gical Responses. PLOS one. 8(4): e2026.

— O ecosistema bacteriano intestinal xoga un papel integral na modulación da resposta inmune tanto a nivel local como sistemático. É preciso investigar detalladamente as respostas inmunes efectoras despois da administración dunha vacina, en relación coa microbiota gastrointestinal.

— Neste estudo a febre tifoidea atenuada en vivo administrada por vía oral como vacina aplicouse para investigar se a inmunización oral provoca alteracións da microbiota e para investigar se certas composicións ou subconxuntos da microbiota están asociadas con distintas respostas inmunolóxicas a S.Typhi.

— A análise revelou unha variabilidade considerábel en sentido inter e intraindividual. Os voluntarios foron clasificados de acordo coa cinética e a magnitude das súas respostas. Os individuos que exhibían respostas multifásicas e respostas celulares inmunolóxicas tardías albergaban comunidades máis diversas e complexas.

— Estes resultados proporcionan unha visión, sen precedentes, da heteroxeneidade temporal dramática tanto da microbiota intestinal como das respostas inmunolóxicas despois dunha vacinación oral contra S.Typhi.

21 Buttery JP, Riddell A, McVernon J, et al. 2005. Immunogenicity and Safety of a Combination Pneumococcal-Me-ningococcal Vaccine in Infants. JAMA. 293 (14): 1751–1758.

— As vacinas conxugadas viron un éxito na diminución da enfermidade invasiva por Streptococcus pneumoniae e Neisseria meningitidis do grupo C. Isto supuxo unha presión importante nos calendarios de vacinación infantís, polo

Páxina 22

que se está dando prioridade ao desenvolvemento de vacinas combinadas

— O noso obxectivo era determinar a seguridade e a inmunoxenicidade da combinación de vacina: neumocócica grupo //falta letra, B,C?// e antimeningocócica grupo C (Pnc9-Men), administrada de maneira rutinaria no Reino Unido a nenos de dous, tres e catro meses.

— Os resultados demostran que a vacina combinada Pnc9-MenC administrada a bebés aos dous, tres e catro meses reduciu inmunoxenicidade meningocócica en comparación coa vacina MenC única. A inmunoxenicidade de Haemophilus influenzae tipo B

adminístrase normalmente concomitantemente con pertussis, feito que tamén diminúe a inmunoxenicidade.

Ao final do artigo, os autores comentan que o seus resultados poñen de manifesto a imprevisibilidade das reaccións inmunes individuais a cada antíxeno dunha vacina combinada. Subliñan a importancia de avaliar a inmunoxenicidade de toda a vacina en ensaios previos a vacinación. Conclúen que a vacina combinada Pcn9-MenC non é un substituto adecuado para as súas vacinas individuais correspondentes.

22 Eggermont AMM. 2009. Im-munostimulation Versus Immunosu-ppression after Multiple Vaccinations: the Woes of Therapeutic Vaccine Deve-lopment. Clin Cancer Res. 15(22): 6745– 6747.

— Xa se publicaron tres artigos deste número da revista Clinical Cancer Research que mostran como a administración de múltiples vacinas pode conducir á inmunosupresión. Por outra banda, dous estudos en pacientes mostran que o factor GM-CSF estimulante de colonias de macrófagos e granulocitos, empregado en vacinas, pode conducir a resultados adversos en termos de recaída e supervivencia. A modulación da actividade das células T reguladoras pode ser necesaria para superar este resultado e ser crucial para o desenvolvemento de vacinas terapéuticas.

23 Heffernan JM, Keeling MJ. 2009. Implications of vaccination and waning immunity. Proc. R. Soc. B. 276: 2071–2080.

— Para moitas enfermidades, a inmunidade esvaece co tempo e vese reforzada posteriormente por encontros sintomáticos coa infección.

— Utilizamos o modelo do sarampelo para mostrar como a vacinación pode ter unha serie de consecuencias inesperadas, xa que reduce o reforzo natural da inmunidade. Mostramos, especificamente, que o tempo de decadencia esperado é de uns corenta a oitenta anos e que os altos niveis de vacinación que se rexistran hoxe en día (máis dun 70%) poden inducir oscilacións a grande escala, xerando moitos casos asintomáticos.

— Ademais podemos predicir que, despois dun período libre de enfermidade, a longo prazo, a introdución da infección dará lugar a epidemias moito mais grandes que a predita polos modelos estándar.

24 Santos LS, Sant'anna LO, Ramos JN, Ladeira EM, Stavracakis–Peixoto R, Borges LLG, Santos CS, Napoleão F, Camello TCF, Pereira GA, Hirata R, Vieira VV, Cosme LMSS, Sabbadini PS, Mattos-Guaraldi AL. 2015. Diphtheria outbreak in Maranhão, Brazil: micro-biological, clinical and epidemiological aspects. Epidemiol Infect. 143: 791–798.

Descríbense os aspectos microbiolóxicos, clínicos e epidemiolóxicos dun brote de difteria en Maranhão, Brasil. A maioría dos casos confirmados ocorreron en nenos parcialmente ou completamente inmunizados. Signos clínicos característicos da difteria como a formación de pseudomembrana e linfadenopatía cervical eran ausentes no 48% e 7% dos casos, respectivamente. Observáronse complicacións como parálises de membros inferiores. Tres casos resultaron en morte, dous deles en nenos completamente inmunizados.

— A análise microbiolóxica identificou o *Corynebacterium diphtheriae* biovar *intermedius* cun tipo PFGE predominante. A maioría deles eran tosíxenos e algúns mostraron unha diminuída susceptibilidade á penicilina G.

— Conclusión: a difteria segue sendo endémica en Brasil e os profesionais deben ser conscientes da posibilidade de que xurdan casos atípicos de infección por *C. diphtheriae*, incluíndo farinxite sen formación de pseudomembrana.

25 Pellegrino P, Carnovale C, Pozzi M, Antoniazzi S, Perrone V, Salvati D, Gentili M, Brusadelli T, Clementi E, Ra-di S. 2014. On the relationship between human papilloma virus vaccine and au-toimmune diseases. *Autoimmunity Re-views*. 13: 736–741.

— A vacina contra o papiloma humano introduciuse para reducir a incidencia de cancro cervical.

— Xunto coa introdución das vacinas bivalentes e tetravalentes contra o VPH aparecen varios casos de exacerbación de enfermidades autoinmunes, o que provocou preocupacións acerca da súa seguridade. Con todo, este programa de vacinación introduciuse nunha poboación de alto risco para a aparición de enfermidades autoinmunes, polo que é difícil avaliar o papel da vacina nestes casos. Así pois analizamos e revisamos exhaustivamente todos os informes de casos e estudos relativos a calquera aparición dunha enfermidade autoinmune no suxeito vacunado.

— Nuns poucos casos estableceuse unha relación causal, e o balance risco-beneficio da vacina aínda está por resolver.

— A vixilancia en curso para a seguridade desta vacina segue sendo, daquela, de suma importancia.

Os autores deste artigo tamén engaden un cadro de mensaxes clave do estudo, no cal se inclúe o seguinte:

— A decisión de vacinar contra o VPH é de carácter persoal e non debe ser implementada en nome da saúde pública. O VPH non é unha enfermidade letal no 95% das infeccións, e o outro 5% é detectábel e tratábel na etapa precancerosa.

26 Kanduc D. 2009. Quantifying the possible cros-reactivity risk of an HPV16 vaccine. *Journal of Experimental Therapeutics and Oncology*. 8: 65–76.

— **Antecedentes:** Os posíbeis efectos adversos asociados coa vacinación contra enfermidades infecciosas, subliñan a necesidade de analizar e definir o risco das vacinas. Nós utilizamos como modelo o proteoma HPV16 e cuantificamos os seus riscos reais e teóricos da vacinación contra HPV16. Tamén definimos o espectro de enfermidades cruzadas concomitantes que se poden dar no organismo como resultado de vacinación.

— **Métodos:** Buscamos a secuencia primaria do proteoma HPV16 e buscamos secuencias heptaméricas compartidas con proteínas humanas utilizando o Protein International Resource Database.

— **Resultados:** O proteoma humano contén oitenta e dous heptapéptidos e dous octapéptidos atopados en HPV16 tamén. Estas secuencias compartidas co proteoma

humano son proteínas involucradas na diferenciación celular, o crecemento, e a regulación neurosensorial. Especificamente, encontramos secuencias heptaméricas compartidas coa vacina en proteínas humanas como: moléculas de adhesión, antígenos de diferenciación de leucocitos, encimas, proteínas asociadas coa espermatoxénese, factores de transcrición e antígenos neuronais.

— Estas secuencias compartidas fan que a aparición de reaccións cruzadas autoinmunes despois da vacinación a base de HPV16 sexa case inevitábel.

— **Conclusións:** Calquera vacina baseada en antígeno necesita ser deseñada minuciosamente e ten que avaliarse os seus posibles efectos secundarios baseada na secuencia do antígeno e a súa comparación a nivel molecular con proteínas humanas.

27 Chang J, Campagnolo D, Vollmer TL, Bomprezzi R. 2011. Demyelinating disease and polyvalent human papilloma virus vaccination. J Neurol Neurosurg Psychiatry. 82(11): 1296-1298.

— A vacina polivalente contra o VPH, Gardasil, xerou moita controversia desde a súa creación, xa que se reportaron relacións entre a súa administración e a subsecuente aparición de enfermidades autoinmunes, tales como encefalomielite diseminada aguda, esclerose múltipla e síndrome de Guillain Barré.

— Atopamos con dous casos con presentación inicial de desmielinización do SNC seguidos en estreita relación temporal á administración de Gardasil. Discutimos a súa posíbel asociación.

— Os autores conclúen que é moi probábel que nestes casos haxa individuos xeneticamente predispostos a reaxir cunha resposta inmunitaria esaxerada á administración dunha vacina. Isto pode culminar, pois, nunha autoinmidade.

— Cren que é importante recoller máis casos para poder documentar os efectos adversos da vacina e determinar a súa seguridade e eficacia.

28 Sutton I, Lahoria R, Tan IL, Clouston P, Barnett MH. 2009. CNS demyelination and quadrivalent HPV vaccination. Multiple Sclerosis. 15: 116–119.

— A vacinación considérase segura xeralmente en pacientes con esclerose múltipla. Presentamos cinco pacientes con síndromes desmielinizantes multifocais ou atípicas xeradas vinteún días despois da inmunización coa vacina tetravalente do VPH.

— Aínda que a poboación obxectivo, mulleres novas, é unha poboación de alto risco inherente para a esclerose múltiple, a asociación temporal con eventos desmielinizantes nestes cinco casos poden explicarse polas potentes propiedades inmuno–estimuladoras da vacina.

29 Tomljenovic L, Shaw CA. 2012. Death after Quadrivalent Human Papi-llomavirus (HPV) Vaccination: Causal or Coincidental? Pharmaceut Reg Affairs. S12:001.

— É necesario entender o verdadeiro risco que comportan as vacinas para previr efectos adversos innecesarios. Aínda así, no día de hoxe, non hai evidencias sólidas ou criterios establecidos para determinar cales dos efectos adversos teñen como causa as vacinas.

— Queremos determinar se algunhas das enfermidades autoinmunes e neurolóxicas que aparecen despois da vacina contra o VPH teñen unha relación coincidente ou causal. Utilizamos evidencia inmunohistoquímica para avaliar a posíbel relación.

— Mostras postmortem de tecido cerebral de dúas mulleres novas que padeceron síntomas relacionados con vasculite cerebral, posterior á administración da vacina Gardasil, foron examinadas con varios marcadores inmunoinflamatorios. Tamén marcamos mostras con anticorpos contra os antíxenos HPV-16 L1 e HPV-18 L1, presentes en Gardasil.

– En ambos os casos, a autopsia non revelou ningún resultado anatómico, microbiolóxico ou toxicolóxico que puidese explicar a morte destas mulleres.

— Con todo, a nosa análise inmunohistoquímica mostrou evidencia dunha vasculite autoinmune, potencialmente desencadeada por unha reacción cruzada dos anticorpos contra HPV-16 L1 uníndose á parede dos vasos sanguíneos cerebrais en todas as mostras. Tamén detectamos a presenza de partículas de HPV-16 L1 dentro da vasculatura cerebral, algunhas delas adheridas á parede vascular.

— Os anticorpos contra HPV-18 L1 non se adheriron aos vasos cerebrais ou calquera outro tecido neuronal.

— A inmunohistoquímica tamén revelou un incremento na sinalización das células T e unha activación marcada no torrente clásico do complemento en tecidos vasculares cerebrais en ambos os casos.

— Este padrón de activación do complemento, en ausencia dunha infección cerebral activa, indica un funcionamento alterado do sistema inmunitario de tipo autoinmune.

— O noso estudo suxire que as vacinas contra o VPH que conteñen antíxenos HPV-16 L1 supoñen un risco para a aparición de vasculopatías autoinmunes.

— Implicacións prácticas: Moitos síntomas reportados sobre a seguridade da vacina nas bases de datos son indicadoras de vasculite cerebral, pero non se recoñecen como tal: xaquecas intensas e persistentes, síncope, convulsións, tremores... De aquí xorde unha grave preocupación, considerando os nosos resultados. O persoal sanitario debe ser consciente desta asociación.

ANEXOS

CONTRAINDICACIÓNS E VACINAS

Contraindicacións relativas

Aquelas contraindicacións que son temporais ou transitorias, non permanentes e que posibilitan, no momento en que se resolva a situación volver valorar a vacinación.

Baixo peso ou Prematuro

Infección aguda / Convalecencia / Terreo Hipersensibilizante

Dermatite Atópica

Diarrea

Hipertermia ou febre

Embarazo

Preconcepción

Aleitamento materno

Malnutrición

Contraindicacións absolutas

Aquelas contraindicacións definitivas e permanentes que impidan a vacinación ao longo da vida.

Inmunodeficiencias (conxénita, adquirida, utilización de corticoides, de inmunoterapia pasiva, presenza de tumor, etc).

Encefalopatía evolutiva e non evolutiva (convulsión, epilepsia, letarxia, somnolencia, irritabilidade, choros, berros, hipercinesia, apnea, hipoapnea, etc).

Reacción anafiláctica.

Hipersensibilidade á neomicina, kanamicina, polimixina, estreptomicina, lactosa, polisorbatos, mercurio, aluminio, boratos, látex, albúmina, xelatina, formaldehído, fenoxietanol.

Alteracións da coagulación (hemorraxia ou trombose).

Grupo sanguíneo Cero, B. Marcadores HLA: DR3, B7, A3, DR2-7, DW17

Antecedentes familiares ou persoais de encefalopatía, diabetes, alerxia, nefrose.

ENQUISA PREVACINAL

É un cuestionario sinxelo e básico de 10 preguntas publicado polo Colexio de Médicos de Barcelona (COMB) no ano 2002 e que non se aplica na actualidade.

Unha vez realizada a enquisa incorpórase á historia médica e serve para valorar se está indicada ou non a vacinación.

1. Estivo enferma ou sufriu diarrea importante nas últimas 24 horas?
2. Ten ou tivo febre superior a 38´5º C nas últimas 24 horas?
3. Toma algún medicamento?
4. Recibe tratamento por sufrir algunha enfermidade?
5. Recibiu algunha transfusión de produtos hemáticos?
6. Administróuselle algunha vacina ou gammaglobulinas?
7. Hai algunha persoa no fogar que sufra cancro, leucemia ou algunha inmunodeficiencia?
8. É alérxico a algún medicamento ou alimento?
9. Presentou algunha reacción grave a anteriores vacinas?
10. No caso de ser muller, está grávida?

Referencia bibliográfica

Cuadernos de la buena praxis. Guía de actuación en la aplicación de las vacunas. Colegio de Médicos de Barcelona. Enero 2002.

CONSENTIMIENTO INFORMADO E VACINACIÓN.

O DEREITO A DECIDIR

Observacións

O consentimento informado é un documento exclusivamente dirixido ao persoal sanitario ou representante da administración que de maneira insistente quere vacinar.

A vacinación é un acto médico e como tal hai que levalo a cabo con toda a información existente.

Este documento será presentado polo cidadán, os proxenitores, os adoptivos ou os titores e asinado polo Axente de saúde ou a Administración para que asuma a súa responsabilidade ante os danos ou prexuízos antes, durante ou despois da vacinación.

Sempre se asinará por duplicado. Un orixinal será para o paciente e o outro para o Axente de saúde ou Administrador. (Ver mostra na páxina seguinte).

Liga para a Liberdade de Vacinación (LLV)

www.vacunacionlibre.org

Datos do Axente de saúde ou Administrador

Nome:

Apelidos:

Nº Colexiado:

Provincia do Colexio:

Enderezo:

Correo electrónico:

Datos do paciente

Nome:

Apelidos:

Enderezo:

Correo electrónico

Segundo o artigo 15, 17 e 18 da Constitución Española e a lexislación estatal nos artigos 2, 10.1A, 10.9A e 28, onde se ve reflectida a importancia da preservación da boa saúde, a autonomía, a liberdade e o dereito á intimidade de cada paciente,

CERTIFICO que a administración deste medicamento non é obrigatoria e, por tanto, é recomendada pola autoridade médica de cabeceira asignada á/o paciente.

Despois de estudar os posíbeis efectos adversos das vacinas (neurolóxicos, alérxicos, autoinmunes e infecciosos), incluíndo os que non constan no prospecto correspondente, e igualmente os que poderían aparecer a curto, a medio e a longo prazo referidos ou non na bibliografía internacional,

CERTIFICO que o paciente non se expón a ningún risco na súa saúde tras a administración de calquera das vacinas recomendadas no calendario vacinal español,

A fin de que así conste para efectos do paciente.

Data e sinatura do Axente de saúde ou do Administrador.

FICHA DA VACINA TRIPLA VÍRICA (XRP)

Data de elaboración

2017

Referencias bibliográficas

Prospecto Informativo Sanofi Pasteur MSD (Ano 2013)

Tipos de vacinas

MMR VAX, ROR VAX, PRIORIX.

Compoñentes coñecidos

- Virus do sarampelo.
- Virus das papeiras.
- Virus da rubéola.
- Sorbitol.

- Fosfato sódico potásico.
- Sacarosa.
- Xelatina.
- Ácidos aminados.
- Vitaminas.
- Glutamato.
- Neomicina 25 microgramos.
- Vermello fenol.
- Bicarbonato sódico.
- Ácido clorhídrico.
- Hidróxido sódico.
- Carbonato de sodio.
- Albúmina humana.
- Residuos de ovo de embrión de pito.
- Trazas de fibroblastos pulmonares.
- Lactosa.
- Manitol.

Reaccións adversas posvacinais

- Reacción alérxica aguda e crónica.
- Encefalite, autismo, epilepsia, mielite, meninxite aséptica ou tóxica e estado de coma.
- Sarampelo, rubéola, papeiras ou gripe.
- Diarrea, vómitos, enterite ou colite.
- Neurite óptica e neurite auditiva.
- Artrite.

- Enfermidade autoinmune e vasculite: diabetes, desmielinización, tiroidite, nefropatía.
- Alteración na coagulación.

Observacións

Seremos prudentes se presentamos alerxia a algúns dos moitos compoñentes de dita vacina, mesmo se temos alerxia ao ovo.

Non tomemos a vacina se queremos ficar grávidas, se temos unha tuberculose activa, se temos antecedentes dunha deficiencia inmunitaria, se temos antecedentes de convulsións ou epilepsia e se estamos sufrindo un cancro.

Se xa pasamos a enfermidade tampouco vacinaremos.

Entre a proba da tuberculina e a vacinación tripla vírica ten que haber un espazo de polo menos de catro a seis semanas.

Fabricantes

Sanofi Pasteur MSD e GlaxoSmithKline.

FICHA DA VACINA INFANRIX

Data de elaboración

2017

Referencias bibliográficas

Prospecto Información Infanrix (Año 2011) de GlaxoSmithKline.

Tipos de Vacinas

Infanrix, Infanrix- Hib, Infanrix- IPV, Infanrix Hep B, Infanrix- IPV- Hib, Infanrix Hexa, Tetravac, Pentavac e Hexavac.

A vacina Infanrix Hexa é a máis utilizada actualmente en España.

Inclúe Difteria, Tétanos, Tose ferina, Polio, Hib e Hepatite B.

Composición Vacina Infanrix Hexa

- Anatoxina tetánica.
- Anatoxina diftérica.
- Anatoxina tose ferina.
- Polisacáridos Hib.
- Ag. virus Hepatite B.
- Ag. virus Polio.

- Lactosa 12.600 microgramos (μg).
- Cloruro de sodio 4.500 μg .
- Fenoxietanol 2.500 μg .
- Hidróxido de Aluminio + Fosfato Aluminio, desde 500 ata 2.500 μg .
- Polisorbato 20 e 80.
- Cloruro de potasio.
- Formaldehído.
- Glicina.
- Antibióticos: neomicina e polimixina.
- Glifosato.

Reaccións adversas posvacinais

- Infeccións como tose ferina, haemofilus influenza, polio, difteria, hepatite e infeccións repetitivas.
- Linfadenopatías.
- Lesión renal e insuficiencia renal.
- Bronquiolite, incremento da mucosidade e asma.
- Encefalite: irritabilidade, somnolencia, autismo, TDAH, regresión na maduración, cambio no apetito, cambios na personalidade e no contacto visual, convulsións e epilepsia, modificacións do ton muscular, hipotonía, narcolepsia, apneas e cambio do ritmo soño-vixilia.
- Eccema, dermatite atópica, empeoramento da psoriase e urticaria.
- Morte súbita.
- Cambios en coagulación do sangue.
- Trastornos do metabolismo do óso.
- Alteracións dixestivas: diarrea, enterite e colite.

Observacións

- A vacinación debe ir precedida dunha revisión do historial médico e dun exame clínico.

– Teña especial coidado se a súa filla ten unha enfermidade cerebral non diagnosticada, en evolución descontrolada ou presenta convulsións ou ataques cando ten febre, se presenta claros antecedentes familiares de convulsión ou epilepsia.

– Coidado se o seu fillo ten problemas de coagulación.

Con todo, os trípticos dos Departamentos de Sanidade e Seguridade Social fan caso omiso das observacións que fan os fabricantes e só nomean a febre, a inflamación local e o malestar como efectos adversos.

Fabricantes

GlaxoSmithKline

Aventis Pasteur MSD

Rede Española de Tratamento Homeopático de Efectos Posvacinais

[...]

Rede Española de Información sobre Vacinas

[...]

Rede Internacional de Asociacións que Loitan pola Liberdade de Vacinación no Mundo

[...]

ALEMAÑA

[...]

ARXENTINA

[...]

BÉLXICA

[...]

ILLAS FIXI

[...]

NOVA ZELANDIA

[...]

PAÍSES BAIXOS [...]

[...]

SUÍZA